

# PLAN DIXITAL

## CPR PLURILINGÜE LA MERCED

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas
- 3.3. Táboa para cada obxectivo do plan de acción

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

NOME DO CENTRO: CPR PLURILINGÜE LA MERCED

ENDEREZO: Avda de la Merced, 58 27600 Sarria Lugo

TELÉFONO: 982 53 23 57

CÓDIGO DE CENTRO: 27011998

PÁXINA WEB: [www.lamercedsarria.com](http://www.lamercedsarria.com) (en construción)

*A Merced de Sarria é un centro privado concertado de unha liña, de Educación Infantil, Educación Primaria e ESO. Está situado na parte alta e antiga da vila de Sarria, en pleno camiño de Santiago. Conta con tres unidades de educación infantil con 59 alumnos/as, seis de educación primaria nas que se reparten os 143 alumnos/as matriculados/as no momento actual. Na etapa de secundaria contamos con catro unidades, habendo un total de 84 alumnos. En total contamos con 286 alumnas e alumnos matriculados.*

*O profesorado está composto por un total de 26 docentes.*

*Polo que respecta ao alumnado, procede dos barrios situados no centro da vila e doutros barrios de recente creación. Temos tamén algúns alumnos residentes en núcleos rurais pertencentes á comarca de Sarria.*

*Destacar o paso do Camiño de Santiago por diante o que favorece en gran medida a aprendizaxe de idiomas e o coñecemento de distintas culturas.*

*Actualmente todas as aulas contan con pizarras dixitais e acceso á rede facilitando desta maneira a competencia dixital e o uso das novas tecnoloxías.*

*A situación do colexio, nas aforas da vila, permítenos contar con amplos espazos de lecer como un horto, un invernadoiro, un bosque... o que non sería posible de estar situados no centro. Todo isto permítelle ao alumno un maior contacto coa natureza o que posibilita unha mellor aprendizaxe por competencias.*

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- *En canto as características socioeconómicas das familias que compoñen a comunidade educativa podemos dicir que son familias de tipo medio, nas que, na maioría dos casos, traballan ámbolos dous proxenitores. Na maioría das familias do centro hai polo menos un dos proxenitores que cursou estudos superiores. Actualmente son moi poucas as familias con dificultades económicas, aínda que esta situación pode cambiar debido á situación de crise actual que estamos vivindo debido ao encarecemento de todo.*
- *Este Plan Dixital axuda a poñer en valor iniciativas que xa se estaban levando a cabo dende hai algún cursos como o proxecto "Tablets na aula" dende hai 8 cursos, iniciativa Go Steam de robótica en Educación Primaria, Programa Digicraft en tu cole, ou a implantación de aulas virtuais mediante Google Classroom que se iniciou a partir da pandemia.*
- *Neste Plan Dixital vai incluído un plan de acción que recolle os obxectivos a acadar no vindeiro curso, co cal debe ser tido en conta na elaboración da PXA do vindeiro curso 2022-2023 e seguintes.*

- Breve xustificación do mesmo

No CPR Plurilingüe La Merced consideramos importante a dixitalización no proceso de ensino-aprendizaxe. Dende fai algúns cursos xa se veñen implantando distintos proxectos como “Tablets na aula”, Digicraft ou o Proxecto GO STEAM de robótica. Tamén, a partir da pandemia da Covid se implantaron aulas virtuais en todos os cursos a través de Google Classroom.

Tendo en conta a lexislación que se especifica a continuación queda xustificada a necesidade de elaborar un Plan Dixital de Centro no curso 2021-2022:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

### 1.3. Proceso de elaboración

Para realizar o Plan Dixital de centro nomeouse un equipo de Dinamización do Plan Dixital que estivo formado por José Mariano Valcárcel Resco (coordinador) e M<sup>a</sup> Ángeles Núñez Alvaredo (directora do centro). Este equipo traballou de xeito coordinado co mentor D. Francisco Javier Bouso do Equipo Adix de Lugo (ADIXLugo2).

As actuacións levadas a cabo foron as seguintes:

- Autoavaliación mediante a ferramenta SELFIE.
- Avaliación da CDD.
- Elaboración do DAFO atendendo aos resultados do SELFIE, test de Competencia Dixital Docente ademais doutras fontes.
- Elaboración do Plan de Acción.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- A infraestrutura dixital coa que conta o centro é a seguinte:
  - Conexión a internet de Fibra Óptica (dende mediados de curso).
- Equipamento dispoñible:
  - AULAS DIXITALIZADAS:
    - 13 Aulas equipadas con PDI, ordenador, altofalantes e proxector.
    - 1 Aula de informática con 12 equipos.

- 1 aula PT/AL equipada con PDI, ordenador, altosfalantes e proxector.
  - 1 aula de psicomotricidade equipada con PDI, ordenador, altosfalantes e proxector.
  - 1 salón de actos con ordenador, proxector e equipo de luz e son.
  - 1 aula de teatro con equipo de luz e son.
- Material para o proxecto GO STEAM:
  - 16 CAIXAS WEDO 2.0 ROBÓTICA
  - 10 ROBOTS KUBO CODING
- Equipos de Xestión e Administración
  - 3 equipos na secretaría, dirección e xefatura de estudos.
  - 1 equipo no despacho de administración do centro.
  - 1 equipo no despacho de orientación educativa.
- Portátiles do proxecto abalar para 2 aulas cedidos pola Consellería nos anos 2011 e 2012.
- Proxecto “Digicraft no teu cole”
  - 12 portátiles
  - Material específico para levar a cabo o proxecto.
- 2 FOTOCOPIADORAS
- Impresora 3D.
- Sistema de Automatización das portas de entrada con apertura a través de App.
- Servizos dixitais educativos:
  - Google Classroom (xa que os centros concertados non temos acceso ás aulas virtuais corporativas) (A Axencia Española de Protección de Datos aprobou que Google conta coas garantías adecuadas en materia de privacidade)
  - Conta de correo electrónico corporativa de profesorado e alumnado.
  - Tokapp para comunicación coas familias
  - Abalarmóbil
  - Paxina web (en construción)
  - Xade
- Xestión do mantemento do equipamento do centro: non existe un contrato de mantemento con ningunha empresa externa, cando hai algún incidente que non se poida solucionar cos recursos do centro faise a través dalgunha empresa especializada.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Pode ser interesante incluír a información do resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,4	3,6			
	Profesorado	3,6	3,9			
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,7	3,8			
	Profesorado	3,1	3,3			
	Alumnado	3,4	3,3			

C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,5	3,2		
	Profesorado	3,6	3,6		
	Alumnado	4,2	3,7		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4	3,7		
	Profesorado	5	3,8		
	Alumnado				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,7	3,8		
	Profesorado	3,8	4,1		
	Alumnado		4,1		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,8	2,8		
	Profesorado	3,1	3,1		
	Alumnado	3,9	3,5		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,8	2,6		
	Profesorado	2,9	3,3		
	Alumnado		3,1		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4	2,2		
	Profesorado	3,5	3,6		
	Alumnado	4,2	3,7		

### Test CDD:

#### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>20</u>	<u>25</u>	<u>80%</u>
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
DESPRAZADO			
AUTÓNOMO RELIXIOSO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>

#### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
62	<u>Explorador/a (A2)</u>	76,4	<u>Integrador/a (B1)</u>

#### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	<u>40,3</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	68,2	<u>Integrador/a (B1)</u>
PRIM	<u>64,5</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	77	<u>Integrador/a (B1)</u>
ESO	<u>59,9</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	79,2	<u>Integrador/a (B1)</u>

#### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>1</u>	<u>4,5%</u>
A2	<u>14</u>	<u>63,6%</u>
B1	<u>8</u>	<u>36,4%</u>
B2		

C1		
C2	1	4,5%
TOTAL	24	109%

**Outras fontes:** Consideracións do Equipo de Dinamización do Plan Dixital tendo en conta a situación actual do centro, as memorias de cursos pasados e os documentos de organización do centro.

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1.C3. No noso centro facilítase o acceso a internet para o ensino-aprendizaxe. 2.C2. No noso centro hai dispositivos dixitais para o seu uso no ensino.	1.C10. O centro non dispón de dispositivos portátiles para que o alumnado poida levarse a casa se fose necesario.
	PERSONAL DOCENTE	1.D1. O equipo directivo reflexiona co resto do claustro sobre as necesidades de DPC no relativo ao ensino con tecnoloxías dixitais. 2.D2. No centro ofrécense actividades formativas que favorezan o DPC (desarrollo profesional continuo) no relativo ao ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. 3.D3. O profesorado intercambia experiencias dentro do centro sobre o ensino con tecnoloxías dixitais. 4.E1. O profesorado busca e emprega recursos educativos dixitais en internet. 5.G1. Hai algúns profesores que empregan as tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.	1.B2Hai pouco debate sobre as vantaxes e desvantaxes do ensino-aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. 2. F6. Non se fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando as tecnoloxías dixitais. 3.F1. O profesorado non utiliza as tecnoloxías dixitais para adaptar o seu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado. 4.F3. Escaso uso de tecnoloxías dixitais para fomentar a creatividade do alumnado. 5.F4. Escasa realización de actividades dixitais que impliquen ao alumnado. 6 F5. Escaso uso de tecnoloxías dixitais para favorecer metodoloxías colaborativas entre o alumnado. 7 G10. Escasa valoración das habilidades dixitais que o alumnado adquire fóra do centro educativo. 8 G1. +G3. Escaso uso das tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado (só algúns profesores) e facilitar a retroalimentación. 9 G5+G8. En xeral non se facilita que o alumnado utilice as tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe e reflexionar sobre ela. A maioría do profesorado non se ve seguro para participar en proxectos de dixitalización como EDIXGAL
	PERSONAL NON DOCENTE	1.Persoal propio de cocíña 2.Persoal propio de limpeza	1. Non dispoñemos de auxiliares de conversa. 2. Non dispoñemos de conserxe.
	ALUMNADO	1.H8. No noso centro o alumnado aprende a comunicarse utilizando as tecnoloxías dixitais (classroom, correo electrónico...) 2. H1+H3.- No noso centro o alumnado aprende a actuar de maneira segura e responsable en internet.	1.H4. No noso centro o alumnado non aprende suficientemente a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa. 2.H7. No noso centro non se aproveitan suficientemente as tecnoloxías dixitais para que o alumnado cree contidos dixitais.
	FAMILIAS		

		<p>1. As familias dispoñen de boa conexión a internet e dispositivos propios.</p> <p>2. A maioría das familias entenden a dixitalización do ensino como un valor engadido e necesario.</p>	
	OFERTA	<p>1.Comedor, transporte escolar, permanencia atendida (facilidades para a conciliación)</p> <p>2. Actividades extraescolares.</p> <p>3. Cociña propia e menús supervisados por un nutricionista</p> <p>4. Entorno natural destacable.</p> <p>5.Campamento urbán de verán de drones.</p>	<p>1. Non participar no PLAMBE.</p>
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>1.C5. A pesar de non dispoñer de asistencia técnica na escola como tal, algúns membros do claustro van solucionando os problemas técnicos que xurden no día a día.</p> <p>2.C13. O alumnado pode traer o seu propio dispositivo portátil.</p> <p>3. O centro iniciou un proxecto de STEAM en Ed. Primaria para traballar con Robótica nas aulas.</p>	<p>1.A1. O centro non dispón dunha estratexia dixital ben definida.</p> <p>2.A4. O profesorado non dispón de liberación horaria para explorar como mellorar o seu método de ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>3.B1. Non avaliamos os nosos progresos en materia de ensino-aprendizaxe con tecnoloxía dixital.</p> <p>4.C5. Non dispoñemos de asistencia técnica cando xurden problemas coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>5.G6. Escaso uso de tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida amosar as súas propias creacións dixitais e poidan realizar observacións e valoracións sobre o traballo dos compañeiros.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1.A administración permite que os centros concertados participen nalgúns programas como Digi-craft, Navega con Rumbo.</p> <p>2. A administración oferta programas que favorecen a dixitalización do ensino e a mellora na competencia dixital.</p>	<p>1.Escaso apoio económico aos centros concertados.</p> <p>2. O profesorado dos centros concertados apenas ten liberación horaria.</p> <p>3. Currículo demasiado extenso.</p>
	LEXISLACIÓN	<p>1. Existe lexislación sobre o ciberespazo que ofrece unha seguridade xurídica.</p>	<p>1. Lexislación inabarcable e en constante cambio.</p>
	CONTORNA	<p>1.A situación económica da maioría de familias permite que o alumnado poida contar co seu propio dispositivo portátil, tanto no casa como poder traelo ao centro educativo, e tamén conexión a internet</p>	
	ANPA	<p>1.C13. O alumnado pode traer o seu propio dispositivo portátil e as familias colaboran a facilitar que así sexa.</p>	
	OUTRAS ENTIDADES	<p>1.H1+H3. No noso centro o alumnado aprende a actuar de maneira segura, responsable e respetuosa na rede. (Plan Director) (Charlas de AFUNDACIÓN) (NAVEGA CON RUMBO)...</p> <p>2. Participación en Plan Proxecta</p> <p>3. Participación en Galiciaencia</p> <p>4. Colaboracións co Concello de Sarria.</p>	



### 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e acción

A partir da análise DAFO, realizada atendendo aos resultados do SELFIE, test de Competencia Dixital Docente ademais doutras fontes, o equipo de Dinamización do Plan Dixital valorou os obxectivos prioritarios para este Plan Dixital de Centro tendo en conta que foran específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal (SMART) os cales van especificados no apartado 3.3 deste Plan Dixital.

Para seleccionar os obxectivos as áreas de mellora nas que máis se incidiu para o curso 2022-2023 son as seguintes:

- C: Infraestructuras e equipos
- D: Desenvolvemento profesional continuo
- E: Pedagogía: Apoios e recursos
- F: Pedagogía: implementación na aula.

Seleccionáronse estas áreas de mellora para a elaboración dos obxectivos por considerarse que tiñan máis repercusión directa no proceso de ensino-aprendizaxe.

Os obxectivos seleccionados para o curso 2022-2023 están recollidos nas táboas correspondentes do apartado 3.3.

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Uso do espazo	Infraestrutura de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital (indicar proxectos)	Estado actual 2.1	Necesidades futuras 3.2
Biblioteca	Cóntase con rede WIFI en todo o centro e nos despachos de Secretaría, Dirección e Orientación a través de rede por cable.	Non hai.	Sen equipamento.	1 equipo para xestión da biblioteca. 4 equipos para que o alumnado poida facer uso deles.
Comedor				
Salón de actos	Cóntase con rede WIFI en todo o centro e nos	Proxector Equipo de son Equipo de luz	Proxector con bastantes horas de uso.	1 proxector novo para mellorar a calidade de imaxe

	despachos de Secretaría, Dirección e Orientación a través de rede por cable.	Ordenador	Ordenador obsoleto.	cando se proxecta algo. 1 ordenador portátil para o seu emprego tanto no salón de actos como en actividades conxuntas do alumnado no exterior (conmemoracións, celebracións, ...)
Administración	Cóntase con rede WIFI en todo o centro e nos despachos de Secretaría, Dirección e Orientación a través de rede por cable.	Ordenador impresora	Impresora con máis de 20 anos de uso.	1 impresora para a administración do centro educativo.
Sala de docentes	Cóntase con rede WIFI en todo o centro e nos despachos de Secretaría, Dirección e Orientación a través de rede por cable.	1 fotocopiadora	Fotocopiadora con bo uso	1 ordenador para conectar directamente a impresora para funcións docentes.
Despacho de xefatura de estudos	Cóntase con rede WIFI en todo o centro e nos despachos de Secretaría, Dirección e Orientación a través de rede por cable.	1 ordenador conectado á fotocopiadora.	Ordenador con 4 gb de RAM de funciona moi lentamente.	1 ordenador que mellore e facilite o traballo da xefatura de estudos.
Corredores	Cóntase con rede WIFI en todo o centro e nos despachos de Secretaría, Dirección e Orientación a través de rede por cable.			Equipo de megafonía por WIFI co fin de eliminar o timbre e amenizar as quendas, entradas, saídas con música e permitir dar avisos.
Taller de tecnoloxía	Cóntase con rede WIFI en todo o centro e nos despachos de Secretaria			1 ordenador Altosfalantes PDI para uso na labor docente.

	ría, Dirección e Orientación a través de rede por cable.			16 Kits de robótica con arduino para poder implementar talleres de robótica dentro da materia de Tecnoloxía e Dixitalización.
4 Aulas de ESO	Cóntase con rede WIFI en todo o centro e nos despachos de Secretaría, Dirección e Orientación a través de rede por cable.	4 PDI 4 Ordenador 4 Proxector	4 proxectores con bastantes horas de uso. 4 ordenadores obsoletos	4 pantallas intelixentes táctiles de 75" ou no seu lugar:  4 proxectores novos  4 ordenadores novos  Estes materiais facilitarían a labor docente e mellorarían o proceso de ensino-aprendizaxe.
Aula de Ed. Musical	Cóntase con rede WIFI en todo o centro e nos despachos de Secretaría, Dirección e Orientación a través de rede por cable.			1 ordenador Altofalantes PDI para uso na labor docente.
Aula de Ed. Plástica	Cóntase con rede WIFI en todo o centro e nos despachos de Secretaría, Dirección e Orientación a través de rede por cable.			1 ordenador Altofalantes PDI para uso na labor docente.
Equipamento con Móbilidade (carros ...)	Cóntase con rede WIFI en todo o centro e nos despachos de Secretaría, Dirección e Orientación a través de rede por cable.	Portátiles abalar para 2 aulas.	Os equipos son do ano 2011 e 2012.	45 Equipos portátiles para uso do alumnado (2 aulas). Así evitaríamos que o alumnado tivera que

				<p>traer o seu propio dispositivo.</p> <p>3 altofalantes portátiles de máis de 300W para actividades no exterior, un por cada etapa educativa.</p>

### 3.3 Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

<b>“Área/s de mellora”:</b>						
<b>1. OBXECTIVO 1:</b>	Fomentar a creatividade do alumnado empregando as tecnoloxías dixitais nos cursos de 5º, 6º, 1º, 2º, 3º e 4º ESO				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador de Educación Primaria e coordinador de ESO				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de actividades realizadas por trimestre que fomenten a creatividade do alumnado.					
<b>Valor de partida (3)</b>	0					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	3 actividades por cada curso (1 por trimestre aproximadamente)			15/06/2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO1.1: Diseñar actividades que fomenten a creatividade do alumnado empregando tecnoloxías dixitais.</b>	Profesorado de 5º, 6º e ESO.	30/10/2022	Equipos informáticos e software específico.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2: Realizar as actividades deseñadas co alumnado.</b>	Profesorado de 5º, 6º e ESO.	10/06/2023	Equipos informáticos e material específico necesario para cada actividade		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A01.3: Rexistrar o número de actividades realizadas en cada curso.</b>	Coordinadores de etapa	15/06/2023	Táboa de rexistro colocada na sala de profes onde cada profesor ou mestre indicará os seguintes aspectos: curso, nome da actividade, materia ou área, profesor responsable e data de realización.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>“Áreas de mellora”:</b>						
<b>1. OBXECTIVO 2:</b>	Fomentar o debate sobre as vantaxes e desvantaxes do ensino-aprendizaxe con tecnoloxías dixitais e favorecer un espazo de intercambio de experiencias entre o profesorado.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Dirección do centro				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de reunións onde se da espazo ao debate sobre o uso das tecnoloxías na aula.					
<b>Valor de partida (3)</b>	0					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	3 (1 reunión por trimestre)			20/06/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO2.1: Datar as reunións destinadas a este obxectivo</b>	Equipo directivo	30/09/2022	Calendario escolar.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO2.2: Crear un equipo de profesorado TIC de centro</b>	Equipo directivo	30/09/2022			<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO2.3: Coordinar e preparar unha reunión por trimestre na que se fomente o debate e se compartan experiencias.</b>	Coordinador TIC	20/06/2023	Dispositivos informáticos e software específico.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO2.4: Participar nas reunións de forma activa</b>	Profesorado	20/06/2023	Dispositivos informáticos e software específico.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>“Áreas de mellora”:</b>						
<b>1. OBXECTIVO 3:</b>	Favorecer a formación do profesorado no uso das tecnoloxías dixitais para o ensino-aprendizaxe.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Dirección e coordinador TIC				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de horas de formación nas tecnoloxías dixitais no centro educativo.					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 no curso 2021-2022 e 16 horas no curso 2020-2021					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	10 horas			20/06/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO3.1: Diseñar alomenos unha actividade formativa nas tecnoloxías dixitais a través de FUNDAE.</b>	Equipo directivo	20/06/2023	Aula e dispositivos.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO3.2: Coordinar e preparar unha reunión por trimestre na que se fomente o debate e se compartan experiencias.</b>	Coordinador TIC	20/06/2023	Dispositivos informáticos e software específico.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A03.3: Participación do mentor ADIX nunha reunión co claustro para explicar o plan dixital de centro.</b>	Dirección e coordinador TIC	20/06/2023	Aula, plan dixital de centro e dispositivos.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>“Áreas de mellora”:</b>						
<b>1. OBXECTIVO 4:</b>	Minimizar os problemas técnicos nos dispositivos tecnolóxicos do centro.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de aulas nas que todos os dispositivos funcionan correctamente (ordenador, altofalantes, proxector e PDI)					
<b>Valor de partida (3)</b>	2 aulas que non funcionan correctamente (1º ESO e 4º ESO)					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Equipamento dixital funcionando correctamente en tódalas aulas.			15/10/2022		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO4.1: Comprobación do funcionamento dos equipos de aula e comunicación a coordinador TIC</b>	Titores	15/09/2022	Equipos tecnolóxicos de aula.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO4.2: Toma de decisións para solucionar os inconvenientes observados.</b>	Coordinador TIC e equipo directivo	20/09/2022	Económicos e técnicos.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	





### Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
  - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidad numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

### **ACCIONES A DESENVOLVER:**

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

## 4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.
- O resultado desta avaliación quedará reflexado na Memoria de final de curso.

## 5. Difusión do plan

Este plan será difundido á comunidade educativa a través da páxina web do centro a principios do curso 2022-2023, esta web actualmente atópase en construción.

Este Plan Dixital será presentado para a súa aprobación tanto polo Claustro de Profesores como polo Consello Escolar e terase en conta para a elaboración da PXA do curso 2022-2023.

En Sarria a 10 de xuño de 2022

Asdo:

José Mariano Valcárcel Resco  
Coordinador do Equipo de Dinamización do Plan Dixital

M<sup>a</sup> Ángeles Núñez Alvaredo  
Directora

Este Plan Dixital foi presentado e aprobado polo Claustro de Profesores con data de 30 de xuño de 2022.

Asdo:

Laura M<sup>a</sup> Díaz Expósito  
*Secretaria do Claustro.*

Este Plan Dixital foi aprobado polo Consello Escolar de Centro con data de 7 de xullo de 2022.

M<sup>a</sup> Isabel Losada López  
*Secretaria do Consello Escolar de Centro.*